



Concello de Oza-Cesuras

MARÍA TERESA SAAVEDRA CRUZ, Secretaria do Tribunal seleccionador do proceso de selección para a contratación laboral dun/ha auxiliar administrativo substituto durante as ausencias, o período de vacacións e as situacións de Incapacidade laboral Temporal da auxiliar administrativo encargada da OMX e da Biblioteca, actuando por delegación da Secretaría-Intervención.

INFORMA:

PRIMEIRO.- Que se procedeu á valoración da experiencia profesional e formación de conformidade cos méritos acreditados polos aspirantes na fase de concurso, co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	NIF	Experiencia	Permiso Conducir	Titulación superior a esixida	TOTAL
BLANCO MOAR MARIA	***4607**	0	0,5	1,5	2,0
CALVIÑO DORADO MÓNICA	***2522**	1	0	0,5	1,5

SEGUNDO.- Igualmente acordouse polo tribunal seleccionador establecer que a **fase de oposición** comprensiva de exame test, proba práctica e entrevista levaráse a cabo o vindeiro **xoves 9 de novembro de 2023 nas seguintes horas:**

- **Ás 10:00 horas** levaráse a cabo o **exame tipo test** sobre materias relacionadas co temario anexo ás bases. Esta proba escrita será un test de 10 preguntas nun tempo máximo de **25 minutos e valorarase de 0 a 2 puntos**, debendo obter unha puntuación mínima de 0,60 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,20 puntos.

- **As 11:00** levaráse a cabo a **proba práctica aos/as aspirantes que superen o exame tipo test** que consistirá en cotexar o manexo da aplicación informática de xestión municipal (*gestiona*) tanto a nivel de rexistro como de tramitación de expedientes.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de **15 minutos**.



Concello de Oza-Cesuras

A proba práctica **calificarase de 0 a 3 puntos** e será necesario para superalo un mínimo de 1,5 puntos

-**As 12:30 realizarase unha entrevista persoal aos/ás aspirantes que superen a proba práctica**, na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interés demostrado no posto de traballo, así como preguntas relativas ao nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira así como do termo municipal de Oza-Cesuras e será cualificada cun **máximo de 2 puntos**.

O tribunal seleccionador realizará o chamamento de conformidade co establecido na RESOLUCIÓN de 23 de xaneiro de 2023 da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, iniciándose por aqueles aspirantes dos que o primeiro apelido comeza por "V".

Oza-Cesuras, 06/11/23

A Secretaria do tribunal seleccionador,

